

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e tres de febreiro de 2010, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 2 de febreiro de 2010.

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego

Asistentes:

- | | |
|---------------------------|---|
| Presidente: | • Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | • Dona Carmen Tato Lago • Dona Mª Ángeles Míguez Mouzo |
| PP: | • Don Felipe Andreu Barallobre • Don Nicolás José Cubeiro Martínez • Don Santiago Manuel Ríos Rama |
| BNG: | • Dona Laura Fernández Martínez, por imposibilidade de asistencia de don Antón Otero Domínguez • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo |
| EU-IU: | • Don Juan Antonio Fernández López |
| GM (PG): | • Don Manuel Marante Gómez |
| Concelleira non adscrita: | • Dona Mª Beatriz Ramos Padín |

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior

Asistentes:

- | | |
|---------------------------|--|
| Presidenta: | <ul style="list-style-type: none">• Dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | <ul style="list-style-type: none">• Don Jaime Manuel López Lisnier• Don José Francisco Parceró Rial |
| PP: | <ul style="list-style-type: none">• Don Felipe Andreu Barallobre• Don Nicolás José Cubeiro Martínez• Don Santiago Manuel Ríos Rama |
| BNG: | <ul style="list-style-type: none">• Dona Laura Fernández Martínez• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo |
| EU-IU: | <ul style="list-style-type: none">• Don Juan Antonio Fernández López |
| GM (PG): | <ul style="list-style-type: none">• Don Manuel Marante Gómez |
| Concelleira non adscrita: | <ul style="list-style-type: none">• Dona M^a Beatriz Ramos Padín |

C) Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación

Asistentes:

- | | |
|-------------|---|
| Presidente: | <ul style="list-style-type: none">• Don José Francisco Parceró Rial, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | <ul style="list-style-type: none">• Dona Erundina Prado Arcay• Don Jaime Manuel López Lisnier |
| PP: | <ul style="list-style-type: none">• Dona Goretti Pérez Eléxpuru• Dona M^a Jesús González Roel• Dona M^a Jesús Vieites Mariñas |
| BNG: | <ul style="list-style-type: none">• Dona Gumersinda Becerra Montes• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo |

- EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez
- Concelleira non adscrita: • Dona M^a Beatriz Ramos Padín

Asiste, para efectos informativos, don Fernando Garrido Negreira, técnico de administración xeral.

D) Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá

Asistentes:

- Alcalde-Presidente: • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE
- PSdeG-PSOE: • Don Jaime Manuel López Lisnier
• Dona Carmen Tato Lago
- PP: • Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Felipe Andreu Barallobre
• Dona Goretti Pérez Eléxupur
- BNG: • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
• Dona Laura Fernández Martínez, por imposibilidade de asistencia de don Antón Otero Domínguez
- EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez
- Concelleira non adscrita: • Dona M^a Beatriz Ramos Padín

E) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

Asistentes:

- Presidente: • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG
- PSdeG-PSOE: • Dona Carmen Tato Lago
• Dona Erundina Prado Arcay
• Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo

- PP:
 - Don Santiago Manuel Ríos Rama
 - Don Nicolás José Cubeiro Martínez
 - Don Felipe Andreu Barallobre
- BNG:
 - Dona Gumersinda Becerra Montes
- EU-IU:
 - Don Luis Miguel Taibo Casás
- GM (PG):
 - Don Manuel Marante Gómez
- Concelleira non adscrita:
 - Dona M^a Beatriz Ramos Padín

F) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo

Asistentes:

- Presidenta:
 - Dona Laura Fernández Martínez, do BNG
- PSdeG-PSOE:
 - Don José Francisco Parceró Rial
 - Dona Erundina Prado Arcay
 - Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- PP:
 - Dona M^a Jesús Vieites Mariñas
 - Dona Goretti Pérez Eléxpuru
 - Don José Antonio Baamonde López
- BNG:
 - Dona Gumersinda Becerra Montes, por imposibilidade de asistencia de don Antón Otero Domínguez
- EU-IU:
 - Don Juan Antonio Fernández López
- GM (PG):
 - Don Manuel Marante Gómez
- Concelleira non adscrita:
 - Dona M^a Beatriz Ramos Padín

Asiste, como secretaria, dona Verónica María Otero López, secretaria accidental da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, EDUCACIÓN,
DEPORTES, PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO**

1º Constitución da comisión

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. presidente declara constituída a Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

O Sr. alcalde informa de que cando xa tiñan efectuado a convocatoria das comisións informativas e do pleno ordinario, chegou a solicitude de designación de representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2010-2011 e que, dada a urxencia do asunto, incluírase a proposta no punto de mocións, propoñendo para o cargo a don Jaime Manuel López Lisnier.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, SANIDADE, PERSOAL E
RÉXIME INTERIOR**

1º Constitución da comisión

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, a Sra. presidenta declara constituída a Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior.

2º Rogos e preguntas

Rogo de EU-IU presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 2127 o día 20 de febreiro de 2010, xunto co resto dos rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Sobre as deficiencias no local da terceira idade do Temple.

Recentemente fomos informados por parte das persoas que utilizan o centro da terceira idade do Temple sobre distintas deficiencias e carencias que presenta o dito espazo.

Despois de visitalo e falar cos usuarios, puidemos comprobar as seguintes carencias:

- A neveira do local estragouse e non foi substituída por outra
- O local dispón de televisión pero non ten o decodificador da TDT
- A calefacción é insuficiente, teñen tres radiadores eléctricos e un deles non funciona
- O material de ocio non existe (barallas, xogos de mesa, xornais e revistas insuficientes...)

Como se pode observar e segundo as manifestacións dos propios usuarios, o espazo carece de elementos importantes que satisfagan minimamente as necesidades das persoas que frecuentan o dito local.

O noso grupo prega se teñan en conta as distintas queixas efectuadas polos usuarios do local, e se subsanen canto antes as ditas deficiencias.

Dona Carmen Tato Lago contesta que existe un voluntario de luns a venres para que, entre outras cousas, informe das deficiencias que se producen no local.

Con respecto á neveira, sinala que en agosto mandouse retirala porque non funcionaba e non se substituíu porque ninguén o demandou. Ademais, o curso de cociña agora realízase na Barcala.

Sobre o material de ocio, sinala que teñen alí a prensa todos os días.

Sobre a baralla, afirma que aínda fai pouco que cuñou a última baralla que se levou para alí, pero di xa non saber que máis inventar para que non desaparezan as barallas do local.

Conclúe dicindo que non hai problema co tema neveira, pero que nunca ninguén a reclamou, e que sempre se tenta satisfacer as demandas e as necesidades.

Rogo de EU-IU presentado oralmente

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, solicita que se expoñan na páxina web do concello os soldos e axudas de custo por asistencias de todos os concelleiros, que se expoña todo o que se cobra porque di que actualmente só se expón a estimación.

Dona Carmen Tato Lago contesta que eses datos xa están publicados dende o luns pola mañá. Sinala que se expón quen está cobrando media dedicación e dedicación exclusiva, e logo as axudas de custo por asistencias.

Non se presentaron preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPORTES, MOBILIDADE, PATRIMONIO, CULTURA E CONTRATACIÓN

1º Constitución da comisión

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. presidente declara constituída a Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGURIDADE CIDADÁ

1º Constitución da comisión

Coa asistencia da maioría absoluta do número de concelleiros que a compoñen, o Sr. presidente declara constituída a Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá.

2º Aprobación, se procede, da Ordenanza municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de febreiro de 2010.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita, e abstéñense os tres concelleiros do PP.

A comisión, por oito votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar polo pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a Ordenanza municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria do Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza, publicándose integramente no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escritos.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Coñecemento dos novos membros designados polo PSdeG-PSOE nesta comisión

Pola secretaria accidental dáse lectura aos concelleiros designados polo PSdeG-PSOE para formar parte desta comisión.

2º Rogos e preguntas

Rogo de EU-IU presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 2127 o día 20 de febreiro de 2010, xunto co resto dos rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Noticias aparecidas nos medios de comunicación manifestadas por responsables municipais de concellos do noso contorno, informaban sobre a eliminación do denominado corredor sur do documento de estudo do trazado do AVE A Coruña-Betanzos, creando confusión na opinión pública e sobre todo nos veciños/as afectados.

A confusión creada provocou tamén que responsables doutros concellos afectados, aseguraran que o mencionado corredor sur mantense entre as opcións de posible paso do ferrocarril.

Ante isto, o noso grupo fai o seguinte rogo:

Se nos informe con detalle do estado da situación e das posibles novidades, se é que existen.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a única documentación é a comunicación da enxeñería contratada por Fomento. Nesa documentación desapareceu unha parte do chamado corredor sur. A propia Xunta comprometeuse a un proceso de información e diálogo, pero ata agora esa é a información que hai e a que todos teñen.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pregunta se o concello fixo manifestacións como Culleredo ou Abegondo.

O Sr. alcalde contesta que non, que só mandaron o informe do enxeñeiro de camiños municipal e solicitaron unha entrevista para que os informasen.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo apunta que a plataforma de veciños tamén pasou polo concello e facilitóuselles toda a información. Non obstante, sinala que cando haxa información fiable, reuniránse todos os grupos políticos para falar diso.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 2127 o día 20 de febreiro de 2010, xunto co resto dos rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Sobre a celebración da festa da árbore e do día forestal mundial.

O próximo 21 de marzo celébrase o Día Forestal Mundial, con motivo dunha iniciativa proposta polo noso grupo municipal, decidiuse recuperar e celebrar a festa tradicional “Día da árbore” no noso concello.

Ten previsto o goberno algún acto para a conmemoración do mencionado día, co fin de promover a educación ambiental e respecto da natureza “*Con unha Xestión Forestal Sostible*”?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que si, que está previsto un acto solemne e que están traballando niso. Di que hai previsto un orzamento, pero que están tratando de conseguir colaboración por parte da Xunta.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, IGUALDADE E

TURISMO

1º Coñecemento dos novos membros designados polo PSdeG-PSOE nesta comisión

Pola secretaria accidental dáse lectura aos concelleiros designados polo PSdeG-PSOE para formar parte desta comisión.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria accidental dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Economía, Facenda, Educación,
Deportes, Promoción Económica e
Emprego

Presidenta da Comisión Informativa de
Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e
Réxime Interior

Jaime Manuel López Lisnier

Carmen Tato Lago

Presidente da Comisión Informativa de
Transportes, Mobilidade, Patrimonio,
Cultura e Contratación

Presidente da Comisión Informativa
de Urbanismo e
Seguridade Cidadá

José Francisco Parcero Rial

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Medio Ambiente, Obras e Servizos

Presidenta da Comisión Informativa de
Participación Cidadá, Igualdade e
Turismo

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Laura Fernández Martínez

A secretaria accidental

Verónica María Otero López